



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

TEXTO DA COMPARECENCIA DO CPXG NA COMISIÓN DE REFORMA DA CRTVG NO PARLAMENTO DE GALICIA

Moitas grazas por dúas cousas: a primeira por crear esta comisión de reforma da CRTVG, que todos sabemos que era urxente e necesaria. A segunda, por chamar a comparecer ao Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. O Colexio, foi creado como unha entidade de dereito público por decisión unánime deste Parlamento hai dez anos, como representante legal de todos os xornalistas, estean colexiados ou non, e como tal, foi a entidade que desde os seus comezos, demandou unha reforma da CRTVG tendente a garantir a súa independencia profesional e poñela ao servizo da cidadanía galega en toda a súa pluralidade.

Nese sentido, como actual Decano do Colexio, as opinións que aquí dea non son as miñas, ou son as miñas pero tamén o resultado dun traballo conxunto e continuado desta entidade ao longo dos seus dez anos de existencia, coas súas distintas Xuntas de Goberno.

O CPXG apoiou desde un primeiro momento a Iniciativa Lexislativa Popular promovida por un grupo de traballadores da Compañía de RadioTelevisión de Galicia a comezos do ano 2001 para pedir a reforma da Lei de Creación da CRTVG co fin de que o Director Xeral deixase de ser designado directamente polo presidente da Xunta e pasase a ser nomeado polo pleno do parlamento galego por unha maioría de dous terzos para un período de cinco anos.

Non era a primeira vez que se demandaba un cambio no modelo de xestión da CRTVG. Un Informe do Valedor do Pobo do ano 1998 denunciara xa a falta de pluralidade dos medios de comunicación públicos de Galicia e pedía medidas correctoras.

Pese a que formalmente a Iniciativa Popular era unha proposta concreta e limitada, os promotores concibírona sobre todo como unha chamada de atención á cidadanía. Ademais, tanto durante a campaña de recollida de sinaturas - máis de 20.000 validadas pola Xunta Electoral - coma no debate parlamentario que tivo lugar en maio do 2002, os defensores da iniciativa mantiveron a necesidade dun cambio de modelo de xestión que redefinise os principios que deberían cumprir estes medios como servizo público e que establecese os órganos de control que deberían verificar o cumprimento deses principios. O defensor da proposta no pleno - o segundo decano da historia do CPXG, X.M. Vega - instou explicitamente ó PPdG a que, no caso de non apoiar a iniciativa, crease unha comisión de traballo no parlamento - a Mesa polos Medios Públicos - que se encargase de estudar e propoñer as reformas lexislativas necesarias. Os partidos da oposición, PSdG-PSOE e BNG, apoiaron a iniciativa, pero o grupo de goberno do PPdG, con maioría absoluta, votou en contra.

O CPXG, a maiores de lamentar publicamente o resultado da votación e o feito de que se desaproveitase a ocasión para debater a fondo a situación dos medios públicos de Galicia, tomou de novo a iniciativa.

De inmediato, o obxectivo foi intentar que se puxera en marcha aquela Mesa dos Medios Públicos reclamada no debate parlamentario da Iniciativa Lexislativa Popular, para elaborar un modelo de reforma para a CRTVG. Contactouse cos distintos grupos, pero neste caso foi o PSdG-PSOE o que se negou a sumarse a proposta

En vista de que este camiño resultou inviable, o CPXG comprometeuse a promover a creación dun grupo de traballo para elaborar unha proposta co fin de que os distintos grupos a incorporasen ó programa electoral das eleccións autonómicas. O compromiso concretouse coa organización da Xornada de Propostas e Debate para un Novo Modelo de Medios Públicos de Galicia, que se celebrou na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago o 22 de xaneiro de 2005. Previamente, o CPXG estableceu sete áreas de traballo - *Modelo e principios de programación, Lingua, Marco xurídico, Finanzamento e xestión, Programación e contidos, Industria audiovisual e Retos tecnolóxicos* - e solicitou a colaboración de persoas significativas pola súa experiencia profesional e a súa representatividade institucional para que avanzaran propostas sobre cada unha delas. En conxunto, desde o punto de vista institucional, supúñan unha ampla representatividade da sociedade galega, xa que participaron as tres universidades, o Consello da Cultura Galega, a Academia Galega do Audiovisual e o Consello de Contas de Galicia. A implicación de todo tipo de organizacións sociais e profesionais foi unha prioridade para o CPXG á hora de promover o debate sobre a reforma dos medios públicos. Por iso se organizou unha Xornada aberta e se convocou expresamente a máis de duacentas entidades de toda Galicia e aos máis de 1.200 afiliados que integran o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Houbo tamén dez ponencias de expertos de toda España:

- Medios Públicos Galegos: Modelo e Principios de funcionamento. Miguel Túñez, Enrique Castelló e Antía López Gómez
- A televisión pública de Galicia no escenario da produción audiovisual autóctona e as súas estratexias programáticas. Xaime Fandiño
- O audiovisual e a TV pública. Manuel Gómez
- Constitución e Medios Públicos Galegos. José Antonio Portero Molina
- Finanzamento e xestión dos medios de comunicación públicos galegos. Guillermo Álvarez Ropero
- Retos tecnolóxicos para un novo modelo de medios de comunicación públicos galegos. Xavier Alcalá e Fernando Pardo
- Os retos tecnolóxicos. Fernando Pardo
- O valor da televisión pública. Enrique Nicanor
- O Consell Audiovisual de Catalunya. Francesc Codina
- O sistema comunicativo audiovisual nas nacionalidades históricas: o caso vasco. Ramón Zallo

Froito dese debate, o Colexio de Xornalistas elaborou once medidas para a reforma da CRTVG

1. Os medios públicos de Radio e Televisión garantirán a función de servizo público, de acordo cos principios legais nos que seguen sostendo a súa necesidade e tamén a súa presenza no espazo xeopolítico de Galiza, aténdose polo que respecta á súa programación a criterios rigorosos de calidade e coparticipación social.

2. Ese servizo público substantívase, de maneira prioritaria, no seguinte:

- Garantir o dereito dos cidadáns a dar e recibir información veraz, completa e plural sobre todo o que teña interese xeral e relevancia pública, contribuíndo así á creación e afortalamiento dunha sólida opinión pública que faga posíbel a democracia participativa.
- Garantir a presenza e participación na súa programación xeral e na súa oferta informativa en particular de todos os actores que responden á pluralidade de opcións ideolóxicas e sociais que constitúen a masa crítica do país, facendo á súa vez visíbeis a todos aqueles sectores da sociedade que, na súa condición de activos cívicos, non poderán ser discriminados nin instrumentalizados comercialmente.
- Garantir con imparcialidade a prestación de servizos profesionais nos procesos electorais, facilitando así en condicións de igualdade e proporcionalidade a participación política: a dos diferentes grupos políticos presentando e defendendo os seus respectivos programas, e a dos cidadáns en xeral á hora de formar unha opinión e decidir o sentido e utilidade do seu voto, para o que son imprescindíbeis debates non teatralizados nin dirixidos tanto na radio como na TV.

(Neste sentido, tanto o Colexio como outras asociacións profesionais de fóra de Galicia téñense pronunciado en contra da Lei Electoral que lle dá a potestade ás Xuntas Electorais de establecer un criterio aritmético de representación obrigatoria das opcións políticas nos medios públicos, e non un criterio profesional. O Colexio, xunto co Colexio Catalán e no seu día a Asociación da Prensa de Madrid teñen presentado un recurso no Tribunal Constitucional contra esa normativa, e por suposto, todos estes colectivos opóñense a que se estenda, como se prevé, ás televisións chamadas privadas).

- Garantir a realización de programas para a infancia e a xuventude, para o colectivo da terceira idade e outros colectivos emerxentes, minorías culturais e relixiosas.
- Garantir a cobertura de espazos para o ocio e o deporte, atendendo especialmente a aqueles acontecementos que teñan interese xeral e sexan respectuosos coa dignidade das persoas, fuxindo de presupostos mercantilistas

3. Para poder cumprir con esas funcións de servizo público esencial, é preciso interpoñer un mecanismo de control social na xestión e na programación dos medios de comunicación de titularidade pública.

4. Crearase por lei o Consello Superior do Audiovisual de Galicia, que será o órgano encargado de regular a actividade do sector audiovisual galego, e de propoñer estratexias para o seu desenvolvemento.

(A este respecto, hai que dicir que en Europa, de Islandia ata Turquía, hai 49 consellos audiovisuais, pertencentes a 39 países. Os únicos países europeos sen autoridade audiovisual son España, Liechtenstein, Mónaco, San Marino e o Vaticano. Non é precisamente a Liga de Campións. Se non se crean Consellos do Audiovisual, naturalmente integrados en Consellos Xerais da Información, é porque ás empresas lles interesa manter a ficción da autorregulación, que xa sabemos, e vostedes mellor ca ninguén, teñen tanta eficacia como que raposos e galiñas autorregulen os galiñeiros.

O Consello Superior do Audiovisual de Galicia, como dixeran, debería ser o órgano encargado de regular a actividade do sector audiovisual galego. Tamén de velar pola pluralidade política, social e cultural e a neutralidade informativa do sistema audiovisual galego, non exclusivamente dos medios públicos, e debería ter capacidade sancionadora cando comprobábase que se incumprían algúns dos obxectivos polos que ten que velar. É un órgano esencial para o exercicio efectivo do control sobre os medios audiovisuais.

5. Os membros do Consello de Administración serán elixidos polo Parlamento por maioría de dous terzos, e serán persoas de recoñecido prestixio nos distintos ámbitos ou sectores sociais de Galicia, e independentes respecto dos grupos políticos existentes no país.

(O actual sistema fai do Consello de Administración unha especie de comisión parlamentaria por delegación dentro da CRTVG. Os criterios de profesionalidade poden ser subxectivos, pero desde logo tamén poden ser obxectivos mediante a fixación duns parámetros. Sería inadmisíbel colocar no Consello de contas ou no Consello Xeral do Poder Xudicial a alcaldes, sindicalistas ou cargos orgánicos, pero no Consello dunha das maiores empresas do país é aceptable. O Consello de Administración, ao que as súas competencias poderían convertelo nun contrapeso do Director Xeral, ten pouco poder, non achega nada, é custoso por retribucións, por aparello e polo que desgasta, e tamén se renova segundo o ritmo da lexislatura.

Unha das razóns polas que isto é posible é porque o Consello de Administración da CRTVG ten a mesma responsabilidade, civil ou penal, sobre o funcionamento dos medios como a directiva dun club de fútbol, é dicir, ningunha. A profesionalización do Consello ten que ir da man do incremento das súas responsabilidades, para o bo e para o malo. Ter unha dedicación plena, e coas responsabilidades propias dun Consello de Administración. Elixidos polo Parlamento por maioría de dous terzos, en primeira instancia, e por maioría absoluta en segunda instancia. Persoas de recoñecido prestixio nos distintos ámbitos ou sectores sociais de Galicia, e independentes respecto dos grupos políticos existentes no país, e os candidatos deberían comparecer previamente en audiencia perante a comisión parlamentaria correspondente, que analizará a súa idoneidade para o cargo).

6. O Director Xeral será elixido por maioría de dous terzos e para un período de cinco anos polo Parlamento de Galicia, ou seis para que non coincida co mandato do goberno, a proposta do Consello Superior do Audiovisual. *Evidentemente, hai que prever un sistema de desbloqueo, reducindo progresivamente as maiorías cualificadas necesarias.*

No que respecta aos órganos reitores da CRTVG, as posibilidades de introducir modificacións de calado na estrutura básica dos medios audiovisuais públicos galegos aparece francamente estreitada e limitada pola vixencia (para a terceira canle de televisión) do estatuto da radio e televisión de 1980, derogado para a televisión de titularidade estatal pola Lei 17/2006, do 5 de xuño, que puido abandonar a estrutura de ente público para pasar a regulala como sociedade anónima de capital estatal. Con todo, entendemos que a xestión directa do servizo público de radio e televisión pode ser encomendada a unha sociedade mercantil de capital público.

7. O financiamento dos medios públicos estará garantido nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e estará suxeito ao cumprimento dun contrato programa. Os medios públicos poderán complementar o seu financiamento público coa emisión de publicidade e coa venda de programas de produción propia.

8. Por todo o dito, é preciso contar cunha cota de mercado para os medios de comunicación públicos, tanto polo que respecta á publicidade como polo que respecta ao mercado do audiovisual propiamente dito, rexeitando que por mor das esixencias de servizo público e calidade se entenda erroneamente que acaben tendo a consideración de medios marxinais ou alternativos (non hai medios alternativos, o alternativo estará ligado exclusivamente aos contidos).

9. Enténdese que a CRTVG ten a obriga de ser o motor da sociedade dixital da Galicia do século XXI, aproveitando ese gran potencial tecnolóxico para universalizar todo o que lle dá ao país unha singularidade no mundo globalizado (cultura e lingua propias, territorio e historia, formas de pensar e de crear...). Como ten a obriga, en consecuencia, e mesmo en base a se converter na principal incentivadora das industrias culturais xa existentes e das que veñan agora, de ser tamén o motor da produción audiovisual galega.

10. A participación da Televisión de Galicia no sector audiovisual galego deberá priorizar a busca de talento creativo, facendo que o sector se mova baixo parámetros de calidade e singularidade, para así provocar o interese e a rendibilidade, tanto sociocultural como económica ou de mercado, no mundo. Iso comporta manter unha comunicación permanente, e no seu caso unha liña de coparticipación, con sistemas audiovisuais que responden a outras culturas e modelos.

11. A CRTVG utilizará a lingua galega en todas as súas emisións e en todas as súas producións, asumindo como un compromiso inescusable a súa contribución esencial á consolidación do galego como lingua de prestixio. Non como un mérito a maiores, senón como parte da profesionalidade esixible a calquera traballador, será prioritario demostrar o coñecemento do galego para cantos profesionais opten a ocupar postos laborais nos medios da CRTVG, pois que deberán utilizalo en todas as comunicacións que realicen para o exercicio das súas funcións.

Os cambios endóxenos e exóxenos dos últimos tempos fan que estas medidas se deberían complementar con outras. Apunto algunhas das elaboradas polo grupo de chamados expertos que elaborou un informe sobre a reforma da CRTVG a finais da pasada lexislatura, e do que formei parte en representación do Colexio:

- Adaptar a programación e difusión ao novo contexto da TDT. A título de exemplo, resumiríanse en: Canal ou programación xeneralista e de entretemento, canal ou programación de información xeral, canal ou programación culturais, canal ou programación para a Galicia exterior.
- Conforme ao novo contexto tecnolóxico todos os contidos terán unha consideración de "contidos multiplataforma" propiciando todas as posibilidades de participación e servizo a través da interactividade, a difusión non lineal en Internet e da futura tv en mobilidade e tamén da radio dixital. E, no máis amplo sentido, o que se coñece por servizos á carta e específicos para a rede de internet.
- Publicidade. A programación da futura CRTVG contará con insercións publicitarias convencionais con restricións, en calquera caso maiores ca lei vixente en curso para compensar a competencia cos operadores privados. Incentivarase a publicidade en idioma galego. No caso da radio autonómica, a publicidade local emitirase só nas desconexións locais e, de forma xenérica, poderase incluso decidir a supresión total de calquera tipo de publicidade
- Regularanse e fomentaranse as subvencións de organismos públicos e empresas privadas destinadas directamente á produción de proxectos concretos, sen que os outorgantes desas subvencións teñan ningunha prerrogativa editorial sobre eses contidos. Estas subvencións serán ingresos contabilizados e imputados de forma discriminada aos ingresos provenientes da publicidade e do Contrato-programa financiado a través dos Orzamentos Xerais de Galicia.
- O Consello de Administración da futura CRTVG definirá claramente os medios técnicos e recursos humanos precisos para non subcontratar os servizos informativos, así como as partidas destinadas á produción propia (tanto a interna como a contratada externamente), a produción allea e os servizos xerais no seu mandato marco e sucesivos contratos-programa.
- Definición realista do cadro de persoal necesario para estes cometidos, resolvendo dunha vez os desaxustes provocados por unha política de persoal que conservou o multiplicou os vicios de orixe.
- Mantemento do carácter público da CRTVG, cuestión que a recente Lei do Audiovisual non garante.

Dito todo isto, e xa a nivel máis persoal, teño que confesar que, aínda crendo na importancia das leis á hora de modificar ou endereitar comportamentos, creo tanto ou máis nas persoas. Ou, como dicía Winston Churchill, as actitudes son máis importantes que as aptitudes. Aínda que leven a cabo este esforzo, que lles agradezo de novo en nome de toda a profesión, o importante non será so mudar a literalidade dos métodos de xestión da CRTVG, senón o espírito deses métodos.

A Televisión e a Radio galegas, co seu nacemento e nos seus 25 anos de existencia, os profesionais que as desenvolveron nestes anos con erros a acertos, fixeron tanto ou máis que outras institucións para consolidar a Autonomía de Galicia, foron unha ferramenta moi útil para o reconstrución do arquetipo de Galicia no noso imaxinario colectivo.

Unha ferramenta moi útil, pero delicada, e máis nestes tempos. Rogaríalles que fosen curiosos no seu uso, porque está nas súas mans. Que atopen a fórmula para deixar traballar con independencia aos seus profesionais, para sacarlles -e mesmo esixirilles- todo o que de si poden dar, que é moito.